



Xornada

Cultura do mecenado

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 4 de febreiro de 2020



O mecenado é unha das capacidades da cidadanía na corresponsabilidade no deseño e creación de proxectos culturais, científicos ou sociais. Cómpre, daquela, atendelo e alentalo como ferramenta ao servizo do desenvolvemento económico, social, científico e cultural do país. Ademais de crer na cultura do mecenado, é preciso impulsar un espazo no que vehicular demandas sobre esta realidade, tanto no ámbito galego coma noutros territorios alén da nosa fronteira.

Atender o mecenado é un compromiso co que seguir pensando quen fai cultura ou investigación, cal é nosa corresponsabilidade como cidadanía e que respostas podemos dar ante a crise do papel do Estado como garante do dereito á cultura. A cidadanía a través de múltiples soportes como o pago colaborativo das festas foi creando os seus propios espazos de lecer, o que nos permite ver como hai un substrato de financiamento colectivo, de mecenado e tamén de xustiza social, que se ve a través dos impostos e tamén ante a resposta a desigualdades ou crises ambientais, por poñermos algúns casos. A xornada Cultura do Mecenado é un intento co que pensar que ecosistemas poderían ser os máis favorables para incrementar a cultura do mecenado.

Obxectivos da xornada:

- Atender á cuestión da arte sobre o mecenado, dando resposta a que se está a facer arredor del.
- Coñecer experiencias e casos de boas prácticas de mecenado.
- Abrir un espazo de diálogo co que abordar a potencialidade do mecenado como exercicio de compromiso social.

Desenvolvemento:

A xornada divídese en dúas partes, unha primeira de panorámicas pola mañá, a modo de relatorios cun debate final, e pola tarde unha segunda sesión participativa coa que pensar como impulsar unha maior cultura do mecenado. Os retos actuais precisan das múltiples intelixencias para ser resoltos. Deste xeito, coa primeira parte damos conta de experiencias e marcos lexislativos arredor do mecenado, e coa segunda procuramos abrir espazos de debate cos que responder de xeito colectivo a que accións se poderían dar para impulsar o mecenado.

Programa

Sesión da mañá **PANORÁMICAS**

9:30 horas
Inauguración e benvida

9:45 horas **Mesa Panorámica FACER MECENADO**

Impacto social e mecenado **Irene Aláez**,
asesora de Arte Cidadá da Fundación
Carasso, socia fundadora de Unamásuna
Un compromiso alén da arquitectura

David Chipperfield, presidente
fundador da Fundación Ría

A complexa relación público privado
José L. Pérez Pont, xerente do Consorci
de Museus da Comunitat Valenciana
*A responsabilidade coa sociedade a
través dunha fundación*

José María Arias Mosquera, presidente
da Fundación Barrié

11:45 horas
Descanso

12:15 horas **Mesa Panorámica MECENADO E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*As fundacións e a súa contribución ao
mecenado*

Isabel Peñalosa, directora de Relacións
Institucionais e Asesoría Xurídica da
Asociación Española de Fundaciones
A situación do mecenado en España

Borja Álvarez, subdirector de Industrias
Culturais e Mecenado do Ministerio de
Cultura e Deporte

O mecenado en Galicia

Manuel Vila López, secretario xeral
técnico, Consellería de Cultura e
Turismo, Xunta de Galicia

Impulsando mecenado en Gipuzkoa

Jabier Larrañaga, deputado foral de
Facenda e Finanzas de Gipuzkoa

14:00 horas
Peche da sesión da mañá

Sesión da tarde **IMPULSOS**

16:30 horas
Explicación dinámica coa facilitación da
cooperativa Rexenerando

16:45 horas
Traballo en grupos co obxectivo de
pensar entre todas as persoas
participantes como tecer un ecosistema
máis favorable ao redor do mecenado

18:00 horas
Devolución común e debate

19:00 horas
Conclusións e clausura

Organiza

Consello da Cultura Galega

Colabora

Fundación Daniel e Nina Carasso
Concomitentes

Coordina

Fran Quiroga

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta. O número de prazas é limitado (80 persoas). As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición. Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada. Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións. A través desta xornada procurarase pensar de xeito colectivo como podería darse un ecosistema favorable co que incrementar a cultura do mecenado. Para isto, desenvolveremos un obradoiro de tarde en dúas mesas paralelas. A participación nas mesas de traballo estará limitada e deberá realizarse a inscrición de forma presencial o día da xornada. Estas sesións contarán cunha inicial achega a través dun relator (15 min) e logo responderán en grupo a unha pregunta. O traballo en grupos, dunha duración aproximada de 60 minutos, remata cunha posta en común na que se comparten os principais resultados da indagación e se recolle a información xerada. A posta en común será retransmitida por streaming. Contaremos co apoio de dúas expertas en facilitación de grupos da cooperativa Rexenerando, que codeseñarán e executarán a dinámica.

Máis información

www.consellodacultura.gal difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

